

Información xeral sobre a asignación de horarios e grupos

Curso 2020/21

Poderase consultar o horario de todos os grupos e materias na web do centro a partir do día 15 de setembro.

ELECCIÓN E ASIGNACIÓN DE GRUPO E HORARIO

- MATERIAS CON SOLO 1 GRUPO

Nas materias grupais nas que solo exista un grupo, como son **idiomas aplicados ao canto e conxunto** (excepto na especialidade de piano), o alumnado formará parte do grupo correspondente en función da especialidade e curso.

- MATERIAS DE CORO E ORQUESTRA/BANDA

Nestas materias o centro asignará o grupo que corresponda a cada alumno/a en función da súa especialidade, curso e as características de cada formación. O grupo asignado poderase consultar en CENTROSNET a partir do 14/9/20 ás 20:00 horas.

- DE MAIS MATERIAS CON VARIOS GRUPOS

No caso das materias grupais nas que o centro oferta varios grupos (Linguaxe musical, Educación auditiva e vocal, Harmonía, Novas tecnoloxías, Análise, Historia, Conxunto de piano, materias optativas e itinerarios para 6ºGP) deberase **cubrir o formulario *Preferencias sobre a elección de horario das materias grupais*** dispoñible na web **do 15 ata o 17 de setembro ás 15:00 horas**. Na instancia deberase indicar todas as opcións posibles ordeadas según o interese de cada alumno ou alumna¹. Recoméndase antes de enviála consultar en centros net os horarios das materias xa asignadas polo centro (coro, banda, orquestra, etc.).

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con algunha discapacidade
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro
- 3º. O resto do alumnado empezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "S" (s,t,u,v...).

A adxudicación dos horarios poderase consultar na plataforma CENTROSNET a partir do día 21 de setembro ás 18:30 horas.

¹ No caso de non enviar o formulario dentro do prazo establecido, ou se o formulario non está correctamente cuberto, o alumno/a perderá calqueira dereito de preferencia na adxudicación. O centro asignaralle un grupo en función das ratios dos mesmos.

- MÚSICA DE CÁMARA

A elección de horario farase o día 22 de setembro pola tarde **presencialmente no centro**, para o que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente.

Farase seguindo a seguinte orde:

- 1º. Grupos de maior a menor número de alumnos/as (quintetos, cuartetos, tríos e dúos)
- 2º. No caso en que coincidan varios grupos co mesmo nº de alumnos e co mesmo profesor/a, terá preferencia o grupo que corresponda segundo a letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra "**S**" (s,t,u,v...), en calquera dos seus integrantes.

Publicarase máis información (orde de chamamento, alumnos/as e profesor/a de cada grupo, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

- REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO (especialidades de piano e de guitarra)

A elección de horario farase o día 22 de setembro pola tarde **presencialmente no centro**, para o que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

- PIANO COMPLEMENTARIO

A elección de horario farase o día 30 de setembro pola tarde **presencialmente no centro**, para o que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

- INSTRUMENTO

- Asignación de profesor/a titor/a

- 1º. Asignarase o mesmo profesor/a que no curso anterior ao alumnado que non solicite o cambio do mesmo, e sempre que o profesor co que estudou teña horario disponible.

- 2º. Elexirá profesor/a o alumnado que non poida continuar co seu profesor/a titor/a do curso anterior segundo os criterios establecidos.²
- 3º. Atenderanse as solicitudes de cambio de profesor/a segundo os criterios establecidos, no caso de terse solicitado na matrícula.
- 4º. Asignarase titor/a o alumnado de novo ingreso segundo o indicado na matrícula e aplicando os criterios establecidos.

CRITERIOS PARA A ASIGNACIÓN DE PROFESOR/A TITOR/A

Dentro de cada un dos puntos anteriores o procedemento para a elección sempre irá de maior a menor curso.

De coincidir dous ou máis alumnos do mesmo curso terá preferencia o alumnado con máis anos cursados no centro sen contar as repeticións e, en caso de empate, terá preferencia o alumnado de menor idade.

- Asignación de horario

Deberase cubrir o formulario *Preferencias sobre a elección de horario das materias individuais* dispoñible na web **do 23 ata o 25 de setembro ás 15:00 horas**. Deberase indicar todas as opcións posibles ordeadas según as preferencias de cada alumno ou alumna.³

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con algunha discapacidade.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. O resto do alumnado de menor a maior idade sen prioridade de curso.

A adxudicación dos horarios poderase consultar na plataforma CENTROSNET a partir do día 30 de setembro ás 18:30 horas.

- OUTRAS MATERIAS

O sistema para a asignación de horario das materias de **Repentización e acompañamento** e **Piano complementario** publicarase nos vindeiros días.

2 Neste caso contactarase telefonicamente antes do prazo de presentación das *Preferencias sobre a elección de horario das materias individuais* (antes do 18 de setembro)

3 No caso de non enviar o formulario dentro do prazo establecido, ou se o formulario non está correctamente cuberto, o alumno/a perderá calqueira dereito de preferencia na adxudicación. O centro asignaralle un horario en función das ratios dos mesmos.

SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO

Poderase solicitar cambio do grupo, ou grupos, sobre os inicialmente adxudicados nos seguintes prazos.

1º PRAZO. Do 22 e 24 de setembro. Resolución o 25 de setembro.

2º PRAZO. Do 1 ao 4 de outubro. Resolución o 5 de outubro.

O centro comunicará, por centrosnet, email ou telefónicamente, a resolución a cada un dos solicitantes.

As datas e prazos deste documento poderán sufrir modificacións debido a cambios nas instrucións das autoridades educativas ou sanitarias ou as necesidades organizativas do centro.

Calquera modificación ou actualización deste documento publicárase na web do centro.